

Innogando presenta RUMI, o seu sistema de localización GPS para gando vacún. RUMI controla en tempo real as actividades e o estado da vaca para que o gandeiro dispoña da información que necesita e, ademais, incorpora a extensión RUMI Partos, que permite coñecer o momento exacto en que comeza o parto do animal.



ELIO LÓPEZ

CEO de Innogando

Que datos achega RUMI?

É un dispositivo que identifica en tempo real a ruminación, o pasto, o tempo que camiña, o número de pasos e o tempo de descanso das vacas. Con todos estes datos, RUMI pode alertar de celos, de enfermidades, de caídas de ruminación... e, para aquelas que están en pastoreo ou en extensivo, temos ademais a localización en GPS. Así, permite extraer todos os datos de interese para levar un control individual de cada vaca e do rabaño.

Como se lle comunican estes datos ao gandeiro?

Faise todo a través da aplicación móbil, chegan alertas coma se fosen *whatsapps*. A interacción é directamente co teléfono e é moi sinxela: ti podes ver o estado do animal, facerlle o seguimento, escoller a mellor hora para inseminala e introducir datos de xestión na aplicación. É fácil de usar, pero moi completa.

Como é o proceso de instalación de RUMI na granxa?

É necesario instalar unha antena coa que cubriremos un radio de entre 7 e 10 km ao redor da granxa. É similar ao router que temos todos na casa. Desde a antena, os datos transmítense aos nosos servidores, onde se procesan e se envían as alertas.



Hai subvencións para adquirilo?

O 2 de maio abriu en Galicia unha axuda que financia o 60 % da compra destes dispositivos cunha valoración positiva sobre eles, xa que son válidos para a certificación de leite de pastoreo. Cada día hai máis axudas. É máis: agora vai saír o kit dixital, polo cal autónomos de toda España poden solicitar ata 2.000 euros para adquirilo e instalalo na súa explotación. Nós ofrecemos o asesoramento para solicitar as axudas: pedimos a documentación requirida e temos resumos do que é necesario presentar para poder axudar os nosos clientes no caso de que nolo pidan.

O dispositivo cumpre cos requisitos de certificación de pastoreo?

Así é. Cumpre cos requisitos de certificación de maneira automática. O dispositivo cobre o caderno de pastoreo, as actividades que fai o animal para determinar que sae os días que ten que saír a pastar e é algo que está totalmente contrastado. Ademais, estamos a probalo no Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, en granxa de pastoreo, para revalidar esta función.

Os datos intégranse no libro de explotación?

Temos arquivados os datos produtivos dos últimos 5 anos da explotación se teñen a aplicación do Centro Galego de Control Leiteiro (Cegacol) e todos os datos reprodutivos se em-

pregan a OVGAN (Oficina Agraria Virtual). Vanse actualizando periodicamente coas altas e as baixas, polo que recolleemos o día a día da xestión da explotación na aplicación.

RUMI é apta para calquera gandería?

Así é. RUMI é polivalente, serviría para calquera tipo de granxa, mesmo para aquelas que teñan outros dispositivos. É completamente integrable con outras tecnoloxías.



CARLOTA ANTELO

Veterinaria de Innogando



Que diferenza a RUMI doutros colares que hai no mercado?

A principal diferenza é a súa versatilidade, xa que se pode usar tanto en interiores como en exteriores. Instalamos unha soa antena na granxa e con ela temos cobertura para o interior da nave e para os arredores. Ademais, vale para intensivo, para semiextensivo e para sistemas de pastoreo.

Que posibilidades ofrece para os animais en pastoreo?

Para as granxas en réxime de pastoreo, o sistema detecta cando están a pastar as vacas, fai un rexistro de canto tempo están pastando e, ao ter GPS, tamén sabe onde están e isto permite xerar un caderno de pastoreo automático.

É necesario recargar RUMI?

RUMI dispón dunha placa solar, polo que en sistemas de pastoreo non é necesario recargalo nunca. En explotacións en intensivo con instalacións máis modernas, ou que están bastante abertas e con ventilación, tamén é capaz de aproveitar a enerxía solar para recargar as súas baterías.

Como se estrutura a aplicación?

É moi intuitiva. Ten un calendario no que aparecen, por exemplo, todas as inseminacións previstas e as datas de secado recomendadas. Tamén identifica as vacas que non están a ser rendíbles, separa as que están listas para revisar e ás que lles hai que facer o control reprodutivo. A nosa app non está sobrecargada con índices ou parámetros que non dan unha información útil, senón que resume os datos necesarios para facerlle o traballo fácil ao gandeiro.

Como axuda a mellorar a rendibilidade da explotación?

Primeiro, axuda a mellorar a taxa de preñez a través da detección de celos. Isto, a medio prazo, contribúe a reducir os días abertos e o intervalo entre partos, o que optimiza a vida

reprodutiva do animal. Así mesmo, é rendíble polo seu sistema de detección de enfermidades: se nota unha caída da ruminación, un aumento do tempo de descanso etc. envía unha alerta por posibles desprazamentos de abomaso, hipocalcemias, coxearas... A través desta alerta dá a posibilidade de actuar precozmente e de poder medicar ao animal con tempo.

De que maneira realiza a detección de celos?


A detección de celos baséase no rexistro das actividades que recolle a app a través do collar. A partir dos 10 días de utilización xa os detecta, envía unha alerta e calcula o momento óptimo de inseminación. A detección de celos baséase no que se identifica como celo habitual: unha caída de ruminación e do tempo de descanso, e o aumento do tempo que camiña e que xoga. Cabe sinalar que, en moitas explotacións, só as vacas en produción teñen os celos controlados. Colocándolle RUMI ás nosas xovencas tamén detectaremos os seus primeiros celos e así reduciremos a idade ao primeiro parto.

Como funciona RUMI Partos?

RUMI Partos é un dispositivo que se coloca na cola do animal e que detecta cando está a levantar a cola, é dicir, cando se aproxima o parto e, nese momento, envía unha alerta ao gandeiro. Unha diferenciación de RUMI é que, ao incluír sistema GPS, aínda que a vaca estea en exterior, o gandeiro pode saber onde está e cando vai parir.

RUMI tamén detecta estrés por calor?

Efectivamente. Dispoñemos dunha serie de sensores que utilizan a mesma cobertura que os colares, a través da antena, os cales tamén miden a temperatura e a humidade e calculan o ITH. Isto, complementado co rexistro do comportamento do animal, permite detectar situacións de estrés por calor.




RUMI está funcionando xa nun cento de granxas e os clientes valoran que sexa sinxela de usar, intuitiva e económica



TECNOLOXÍA GANDEIRA MADE IN GALICIA

Innogando é unha empresa que se atopa no corazón de Lugo e nace coa intención de mellorar a vida dos animais e dos seus gandeiros. Na actualidade, forman parte dela 12 persoas: dous veterinarios e unha decena de técnicos expertos en informática, electrónica e enxeñería aplicada á intelixencia artificial, unha gama de perfís moi diversos para construír un produto tecnolóxico e á última.

Innogando diseña dende cero, e en Galicia, todos os produtos que comercializan: desenvólvenos, móntanos e prográmanos. Unha das últimas innovacións é o seu sistema de supervisión do gando RUMI.



Contacta con nós para solicitar unha proba dun mes de RUMI sen compromiso



**hola@innogando.com
644586245**